

XESTIÓN INTEGRADA DE ZONAS COSTEIRAS (XIZC)

Datas: do 17 ao 21 de xullo

Lugar: Casa da Cultura de Muros (A Coruña)

Nº de horas lectivas: 30

Director: Alberto Martí Ezpeleta

Secretaria: María de los Ángeles Piñeiro Antelo

Límite de alumnos: 150

As zonas costeiras, cunha importancia estratéxica como soporte de poboación, actividades productivas, diversidade biolóxica e fonte de recursos para tódolos Estados membro recoñecida pola Unión Europea, enfróntanse co reto de dar solución a problemas medioambientais e socioeconómicos que en moitos casos se manifestan como severos.

A Xestión Integrada de Zonas Costeiras (XIZC) perfílase actualmente como ferramenta clave destinada a fomentar o desenvolvemento sostible destas zonas. Múltiples actuacións encamiñadas a promover a xestión integral en zonas costeiras estanse levando a cabo desde tódolos niveis e ámbitos de decisión. Estudos sobre o estado das costas, diagnósticos sobre a súa potencialidade económica e ecolóxica, análises normativas e experiencias de implantación de ferramentas de xestión integrada definen e revelan, cada día con máis claridade, a importancia da XIZC

A Unión Europea é consciente da importancia da xestión das súas zonas costeiras. O Programa de Demostración da Comisión Europea sobre a ordenación integrada das zonas costeiras (1997-1999) analisou as causas dos problemas biolóxicos, físicos e humanos con que se enfrontan estas zonas. Logo desta análise, a UE publicou diversas comunicacións e propostas co obxectivo de definir e desenvolver unha Estratexia Europea de XIZC que promova un desenvolvemento sostible que combine conservación da biodiversidade, desenvolvemento económico-social e preservación dos valores culturais das costas europeas.

En ocasións, as accións poden non estar especificamente dirixidas a áreas costeiras, senón ser instrumentos para fomentar unha boa xestión integrada nunha unidade territorial determinada, incluída as súas zonas costeiras. Isto fai que os principios rectores dunha boa xestión das zonas costeiras poden aplicarse con proveito a outras zonas.

Experiencias de xestión de áreas costeiras desenvolvidas en base aos principios de integración e sostenibilidade xa se comezan a levar a cabo por parte de países comunitarios e non comunitarios.

Sen embargo, un dos grandes problemas d estas iniciativas é que os estados da Europa occidental xa contan con sistemas propios ben desenvolvidos e asentados para a xestión das súas zonas costeiras. Pero nestes sistemas, as políticas, sistemas legais, administración, planificación e toma de decisións son:

- 1) amplamente descoordinadas e desintegradas
- 2) moi difíciles de cambiar porque están vinculadas a estruturas organizativas, administrativas e de poder existentes

Ante esta situación, a USC e o Concello de Muros propoñen un curso de formación e divulgación destas prácticas, non só describindo e estudiando a organización espacial e a situación do sector, senón tamén afondando nas raíces e nas causas da falla de integración e suxerir métodos que permitan o seu enfoque, ou a súa consecución, aspectos que resultan evidentemente relevantes para Galiza e España.

PROGRAMA

17 de xullo

10:00 – 11:45

A ordenación litoral de zonas costeiras: conceptos e ideas xerais

Representante do LOICZ – Land-Ocean Interaction in the Coastal Zone

12:15 – 14:00

A situación actual da XZC en Galicia e España, tanto en áreas urbanas como nas rurais.

Perspectiva autonómica e estatal

Representantes da Consellería de Medio Ambiente e da de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (CPTOPT)

16:00 – 17:15

Grupos de Traballo:

Identificación de conflitos e obstáculos para a xestión integral e que sexan inherentes á xestión das zonas costeiras (XZC) española-galega. Que se podería facer para superalos?

17:15 – 18:00

Presentación das conclusións dos grupos de traballo

18 de xullo

10:00 – 14:00

Visita de estudo:

Exemplos prácticos de modelos de planificación, situacións habituais e conflitos na xestión do litoral nunha área rural: o contorno de Muros-Carnota

16:00 – 18:00

Consecuencias prácticas, políticas, organizativas, etc. da introdución da XIZC

Representante do LOICZ – Land-Ocean Interaction in the Coastal Zone

19 de xullo

10:00 – 11:45

Pautas europeas de boas prácticas para a xestión integral de zonas costeiras (XIZC)

Miguel Castroviejo, Conselleiro de Medio Ambiente da Representación Permanente de España ante a Unión Europea

12:15 – 14:00

Mesa redonda:

Que falta en Galicia e España para cumprir coas recomendacións da Comisión Europea en materia da XZC?

Revisión das conclusións dos 1º grupos de traballo

Dirixida por Alberto Martí, Universidade de Santiago de Compostela

Participan:

Representante da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (CPTOPT)

Manuel Gómez, Stolt Sea Farm

Representante da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)

16:00 – 18:00

A xestión medioambiental. Necesidade de aproveitar e conservar os recursos naturais
Alberto Martí, Universidade de Santiago de Compostela

20 de xullo

10:00 – 11:45

Distintas situacións e necesidades de diferentes modelos de xestión integral: territorios urbanos en territorios rurais

Pilar Riera. Universitat Autònoma de Barcelona

12:15 – 14:00

Un exemplo do funcionamento da XIZC en distintos ámbitos nun estado europeo.

Representante do LOICZ – Land-Ocean Interaction in the Coastal Zone

16:00 – 18:00

Visita de estudo:

Exemplos de colaboración exitosa entre diferentes administracións sobre unha zona rural costeira: o exemplo de Muros-Carnota

Dirixida por Xosé Santos, Universidade de Santiago de Compostela, e representante da Consellería de Medio Ambiente

21 de xullo

10:00 – 11:45

Iniciativas emprendidas en distintas zonas de España para a XIZC. Exemplos prácticos en distintos tipos de territorio

Pilar Riera. Universitat Autònoma de Barcelona

12:15 – 14:00

2º Grupos de traballo:

Que pasos se deberían/poderían dar para acadar unha axeitada XIZC en Galiza e España, tendo en conta as especificidades dos ámbitos urbano e rural?

16.00-18.00:

Mesa redonda a partir das conclusións dos 2º grupos de traballo

Dirixida por representante do CETMAR

Participantes:

Representante da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (CPTOPT)

Representante da Consellería de Medio Ambiente

Representante de APROINCO (Asociación de Promotores Inmobiliarios)

CONDICIÓNS XERAIS DOS CURSOS DE VERÁN DA USC

CRÉDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

A Universidade de Santiago de Compostela reconece os Cursos de Verán 2006 para os efectos de libre configuración a razón de **1 curso = 2 créditos**

PRAZO DE INSCRICIÓN

Do 15 ao 30 de xuño de 2006

IMPORTE DA MATRÍCULA

Taxa xeral: 115 €

Taxa reducida: 65 € aplicable a estudantes de calquera universidade, licenciados ou diplomados universitarios en paro, profesores e PAS da Universidade de Santiago de Compostela

BOLSAS E AXUDAS

Matrícula especial de 45 euros

Só aplicable para cursos que se celebren fóra dos campus de Compostela ou Lugo. Un máximo de 50 bolsas, ás que poden aspirar só os alumnos de calquera universidade ou licenciados e diplomados universitarios en paro. Requirirase a xustificación documental do expediente académico e dos ingresos familiares (cunha Renda Persoal Dispoñible [RPD] non superior a 3.000 euros, segundo a última declaración do IRPF). O prazo para realizar o pedimento de bolsa será do 22 de maio ao 2 de xuño de 2006, e deberase remitir o **formulario** correspondente nalgunha das Secretarías de Cursos de Verán.

ALOXAMENTO EN COLEXIO MAIOR OU RESIDENCIA UNIVERSITARIA

A USC ofrécelle a calquera alumno de cursos de verán a posibilidade de reservar aloxamento en colexio maior ou residencia universitaria (prazas limitadas). As reservas poderanse realizar durante o prazo de inscrición (do 15 ao 30 de xuño) unha vez efectuada a matrícula. Os teléfonos de información para esta cuestión son: 981 563100 / 981 528000 / 981 559900 - Ext. 14574 / 14575.

MÁIS INFORMACIÓN

Campus de Compostela:

Secretaría dos Cursos de Verán

Vicerreitoría de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria

Colexio de San Xerome

Praza do Obradoiro s/n

981 563100, extensións 11018 e 11103

Campus de Lugo:

Secretaría dos Cursos de Verán

Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo

Praza de Pío XII, 3

982 285900, extensión 21513